

Bases do Censo Municipal de artistas culturais 'Silleda Crea'.

OBXETO

O Concello de Silleda ten por obxeto a creación do Programa 'Silleda Crea', que conlevará a posta en marcha dun censo municipal de artistas culturais do municipio.

Este censo será público (mantendo a privacidade de datos) e poderán acceder a el todas as persoas interesadas.

Trátase dunha base de datos que fomentará a contratación de grupos e creadores locais por parte dos organizadores de eventos culturais ou de outra índole.

PARTICIPANTES.

Poderán inscribirse neste censo os todos os artistas locais que teñan a súa residencia ou a sede do colectivo no termo municipal de Silleda.

INSCRICIÓNS

As inscricións faranse dacordo á instancia establecida para este Programa, cuxo modelo (específico para cada vertente do Programa) poderá retirarse nas oficinas do Concello ou descargar na páxina web www.silleda.es. Ademais deste Anexo deberase aportar a documentación requerida en cada caso. O expediente completo de inscrición debe presentarse no Rexistro Municipal do Concello de Silleda, en soporte físico.

Todas as inscricións deberán estar cubertas por un/unha adulto/a maior de idade:

- No caso de artistas menores de idade, a solicitude será asinada polo pai/nai/titor/titora legal do menor.

- No caso de grupos e colectivos, deberá asinala un membro maior de idade do mesmo; no caso de que todos os membros sexan menores de idade, procederase como no apartado anterior.

CLASIFICACIÓN DE PARTICIPANTES

As inscricións rexistradas serán divididas en tres grandes bloques, según a natureza do artista, quedando o Programa fraccionado en tres capítulos:

1. *Censo cultural musical*: Onde se incluírán artistas relacionados co mundo musical, incluíndo neste punto todos os estilos musicais:

- Bandas de música.

- Grupos de baile e música tradicional, de gaitas, pandereteiras.

- Grupos musicais en xeral (pop, rock, ska, clásica, folk...).
 - Solistas e cantautores.
 - Coros e masas corais.
 - Grupos de danza e baile moderno, ballet...
 - Calquera outro que se englobe dentro desta categoría.
2. *Censo cultural de artesáns e creadores*: Neste apartado serán incluídos aqueles artistas culturais locais relacionados cos traballos manuais e de artesanía. Diferenciamos dous índices:
- 2.a. Artesáns/artesás_ Artistas artesáns/artesás que dispoñan da carta de artesán.
- 2.b. Creadores locais_ Artistas de diversa índole (pintores, escritores, poetas...) e creadores relacionados cos traballos manuais que non dispoñan de carta de artesán.
3. *Censo de artistas culturais*: Censo onde se recollerán todos aqueles artistas relacionados coas artes escénicas e outros:
- Grupos de teatro, actrices, actores.
 - Monicreques.
 - Grupos de animación infantil, clowns e grupos de novo circo.
 - Magos.
 - Humoristas.
 - Calquera outro que se englobe dentro desta categoría.

DOCUMENTACIÓN.

Todos aqueles colectivos ou persoas físicas que desexen inscribirse neste Censo deberán presentar a seguinte documentación:

1. Ficha de inscrición (que poderá descargarse da web do Concello de Silleda ou retirala nas oficinas do mesmo).
2. Copia DNI do representante (maior de idade en todos os casos).
3. Aportar documentos gráficos (fotografías, vídeos, gravacións de audio...) en formato dixital (cd, pendrive...).
4. Memoria explicativa da traxectoria e da actividade que desenvolve o solicitante de inclusión, en formato dixital (cd, pendrive...)
5. Calquera outro documento relacionado coa actividade que se desenvolve, e que poida aportar ou aclarar información acerca dela.

PRAZO.

Este Programa iniciárase unha vez se publiquen as presentes bases e estará aberto a novas inscricións de forma continuada, de xeito que se actualizará a medida que haxa novas inscricións e tamén modificacións nos datos dos mesmos.

OBRIGAS DOS PARTICIPANTES.

- Presentar todos os documentos requeridos para a inscrición no Censo. De faltar algún documento no expediente, será requerido por parte do Concello. Só se procederá á inscrición dos artistas, unha vez que o expediente estea completo.
- Cumplimentar toda a documentación con datos reais.
- Informar ao Concello de calquera modificación relativa aos seus datos (tanto no relativo aos directivos e/ou membros persoais do colectivo, como de datos administrativos –endereço postal, teléfono de contacto...-).
- Darse de baixa no Censo cando cese a súa actividade cultural.

PUBLICIDADE DO PROGRAMA.

As presentes Bases serán publicadas en diversos medios de comunicación, redes sociais dependentes do Concello e na páxina web www.silleda.es, para a súa publicidade.

Unha vez creado o Censo, poderá accederse a el de forma telemática, premendo nun banner xerado na páxina web do Concello. Nel estarán publicados os grupos e artistas inscritos no Censo, a categoría artística á que pertence, así como o teléfono de contacto, o endereço electrónico e un endereço postal.

PRIVACIDADE DE DATOS.

Os servizos prestados a través deste Programa están dirixidos a todas as persoas que presenten as características nel expostas. No caso de menores de 18 anos, requirirase que a solicitude sexa achegada por un maior de idade (pai/nai/titor/titora). Ao cumprimentar o seguinte formulario, o interesado autoriza o tratamento automatizado dos datos persoais que voluntariamente suministraron, e que son necesarios para a prestación do servizo.

Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados no Censo Municipal de Artistas Locais, cuxa finalidade é a da creación do mesmo.

Faranse públicos os seguintes datos:

- Nome artístico do grupo ou colectivo e nome e apelidos do representante.
- Nome e apelidos do artista/artesán...
- Teléfono de contacto.
- Enderezo electrónico.

- Enderezo postal.

O responsable deste ficheiro é o Concello de Silleda.

ACEPTACIÓN DAS BASES.

A participación neste Programa supón a aceptación das bases.